




23-ABRIL DÍA DO LIBRO

O MAR
PROXECTO DE
CENTRO 2021-22LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM



Non hai fragata como un libro
para levarnos a terras afastadas.
Nin corceis como unha páxina
de exultante poesía.
Ainda o máis pobre pode gozar esta
travesía
sen a opresión da peaxe.
Que frugal é a carruaxe
que soporta ao alma humana.

Emily Dickinson


23 de abril: Día Internacional do libro.

A censura estivo presente en toda a historia humana. Ao longo dos séculos, por diferentes motivos, as autoridades trataron de evitar que determinadas mensaxes puidesen transmitirse.



Os libros prohibidos: En 1966 o Papa Pablo VI

suprimiu a Lista Oficial de Libros Prohibidos pola Igrexa, que viña publicándose desde 1551 a pedimento do Concilio de Trento e a Sacra Congregación da Inquisición. Ese Índice de Libros Prohibidos — *Index librorum prohibitorum*, en latín — marcaba os títulos perniciosos



para a fe e de paso fixaba as normas polas que un libro debía ser considerado como tal polos censores. En realidade todo autor estaba obrigado a presentar a súa obra ante o Inquisidor. Así, en moitas ocasións, prohibíase unha frase concreta, un diálogo e ata un episodio completo. Con isto non só controlaban toda a publicación senón que pretendían que os propios autores se autocensuraran. Ademais, todo aquel que lese ou posuía un libro prohibido ou participase na produción e circulación dos mesmos sería penado coa excomunión.

Alguns autores ou libros censurados foron: "*O Lazarillo de Tormes*": De autor descoñecido, esta novela picaresca non se publicou integramente ata 1835, xusto un ano despois de ser abolida a Inquisición. Un dato curioso é que o libro sobreviviu oculto tras paredes falsas en bibliotecas. "*A Celestina*": atribuída a Fernando de Rojas publicouse a finais do século XV, e os moralistas desde un primeiro momento botáronse enriba por considerar que a obra ensinaba a ter amores ilícitos, e en 1632 apareceu por primeira vez a obra no Índice pero unicamente foi sometida a expurgo. En 1792 tomouse a decisión de prohibila definitivamente. Galileo Galilei: O astrónomo e filósofo italiano considerado pai da física moderna constitúe o paradigma de confrontación entre Igrexa e Ciencia pois tivo moitos inimigos entre os partidarios da teoría xeocéntrica. A publicación da obra "*Diálogo sobre os principais sistemas do mundo*" levouno a ser sentenciado ao arresto domiciliario para sempre. Erasmo de Rotterdam: O recoñecido humanista neerlandés escribiu obras de crítica á teoloxía escolástica, e tamén á propia Igrexa, as cales foron consideradas un vehículo de aproximación ás herexías protestantes.



En moitas ocasións e contextos históricos diferentes tamén se censuraron libros: durante o franquismo en España, na URSS, en Emiratos Árabes, Corea do Norte, e poderíase dicir que na maioría dos países. Un caso coñecido é "*A orixe das especies*" de Darwin, libro publicado en 1859 e considerado a obra fundamental que serviu para explicar a evolución humana e a selección natural; as ideas que presentaba atentaban de forma directa contra a tese do creacionismo da Igrexa católica. Foi prohibido en practicamente toda Europa, nalgúns países mesmo ata o século XX.

*Libros extraños que halagáis a la mente
en un lenguaje inaudito y tan raro,
y de que lo más puro y lo más caro
hacéis brotar la misteriosa fuente.*

Rubén Darío



A teima de queimar libros. Ao longo da historia tamén se foi un paso máis aló da prohibición e pasouse directamente á destrución física dos libros. A forma máis efectiva foi a queima pública dos libros censurados.

A fogueira das vaidades: En Florencia, o 7 de febreiro de 1497, o frade Savonarola convenceu á xente do malestar de Deus e pediu que se reunise todo obxecto que fose unha mostra da vaidade humana. De porta en porta, tras o sermón na catedral, colleitouse o que se puido no medio dun saqueo xeral. Logo procedeuse á queima. Este ritual serviu para a destrución de libros sobre maxia e cábala, clásicos de Ovidio, Catulo e Marcial, textos de Dante e poemas dos cancioneiros do amor xentil e mesmo os diálogos de Platón.



Destrucción de códices mayas e aztecas: No ano 1530, en Tetzaco, o monxe franciscano Frei Juan de Zumárraga fixo unha fogueira con todos os escritos e ídolos dos aztecas. Como todos os fanáticos, vía o díaño en todas partes. Diego de Landa continuou este labor de purificación. En 1562, fixo queimar no Auto de Maní cinco mil ídolos e 27 códices dos antigos mayas. Desta furia, sobreviviron apenas tres códices mayas prehispánicos.

Alemaña nazi: A operación Queima de Libros, executada o 10 de maio de 1933 baixo a coordinación de Joseph Goebbels, revelouose pronto na súa verdadeira dimensión porque o mesmo día queimáronse libros en Berlín e noutras 22 cidades alemás. Segundo W. Jütte destruíronse as obras de máis de 5.500 autores.

España franquista: os libros foron obxecto de atención preferente polos militares sublevados en xullo de 1936 nunha operación depuradora da cultura, un saneamento para acabar coa «literatura-chamada-disolvente» e para restaurar «a saúde pública» en España. Deuse vía libre a “...a incautación e destrución de cantas obras de matiz socialista ou comunista áchense en bibliotecas ambulantes e escolas...”. En 1936 en todas as cidades e pobos de Galicia existiron nos primeiros tempos da sublevación militar piras, isto é, queimas de libros. Casa por casa e sociedade por sociedade, equipos de falanxistas e milicianos dedicáronse a rexistrar as bibliotecas públicas, e tamén privadas, expurgando todos aqueles libros ou revistas que ao seu libre albedrío consideraron perniciosas para a nova España nacionalista.



Na actualidade tamén se producen queimas públicas de libros; en febreiro deste ano un pastor de Tennessee (Estados Unidos) lideraba unha queima de libros entre os que se atopaban títulos de 'Harry Potter' e 'Crepúsculo'. O obxectivo do acto, que se retransmitiu en directo por Facebook, era loitar contra as «influencias demoníacas».



O politicamente correcto. En pleno século XXI e cando internet fai practicamente imposible impedir o acceso a case calquera contido, aínda quedan libros prohibidos pola ditadura do politicamente correcto. Hai libros que resultan certamente molestos para unha determinada forma de pensar: o pensamento único que non acepta a diferenza, que lle ten que poñer etiquetas a absolutamente todo e que se sente molesto por cuestións xa superadas. Non todos son libros prohibidos de forma oficial, non: é todo moito máis sutil.




Sinxelamente, son retirados das bibliotecas públicas, de colexios e institutos, das librerías. Aos poucos. E son todos libros importantes, algúns clásicos da literatura universal que por máis que os les e reles non consegués entender como alguén pode chegar a prohibilos. Os seguintes son só un exemplo (hai moitos máis)

“*Fahrenheit 451*” de Ray Bradbury (varias veces foi prohibido en diversos lugares de EEUU creando así a curiosa ironía de prohibir un libro sobre a censura da lectura). “*Matar un ruiseñor*” de Harper Lee (en EEUU retiraron o libro da lista de lecturas obrigatorias porque contiña palabras que “incomodaban aos alumnos”). Ao parecer, o uso do termo ‘nigger’ (negrata) resultaba demasiado ofensivo, pero casualmente a obra considérase como unha das grandes alegacións antirracistas da literatura do país). “*A metamorfose*” de F. Kafka (curiosamente foi prohibido baixo os gobernos soviéticos e nazis. Para os primeiros tratábase dun autor conservador e para os segundos dun escritor revolucionario). “*Rebelión na granxa*” de George Orwell (pola forte crítica ás elites do poder). “*As viaxes de Gulliver*” de Jonathan Swift (prohibida varias veces debido á visión anticolonialista e fraternal entre nacións que mostra. Ademais trátase dunha gran crítica aos gobernos). “*Harry Potter*” de J. K. Rowling (especialmente en EEUU non deixou nunca de lidar coa censura debido a diversas acusacións de fomentar o esoterismo e a bruxería). “*Tintín no Congo*” de Hergé (temporalmente prohibido nalgúns países por motivos de racismo e xenofobia). “*Charlie e a fábrica de chocolate*” de Roald Dahl (na primeira edición os famosos Oompa Loompas eran pigmeos africanos. Tras anos de duras críticas Dahl realizou un exercicio de autocensura cambiando a descrición destes seres). “*Diario*” de Anna Frank (actualmente prohibido nalgúns escolas de EEUU debido á dureza dos feitos que se narran. O debate vira ao redor da conveniencia de que os alumnos coñezan toda a verdade da historia). “*Carapuchiña vermella*” de Perrault e os irmans Grimm (en Cataluña por sexista). “*As aventuras de Tom Sawyer*” de Mark Twain (nalgúns bibliotecas de EEUU a obra foi perseguida por usar unha linguaxe racista e mostrar un retrato negativo dos nativos americanos). “*Maus*” a gran novela gráfica sobre o Holocausto (retirada nun colexio de EEUU debido ao uso de palabras malsoantes e a representación de espídos femininos)

Un libro sempre encaixa

Ninguén pon en dúbida os efectos beneficiosos da lectura: axuda a desenvolver habilidades lingüísticas, a imaxinación e a creatividade, exercita o cerebro e moitas cousas máis.



lee ou como le. Tampouco pasa nada se non rematamos un libro porque non nos engancha ou se pasamos as follas ou se saltamos parágrafos ou mesmo páxinas (hai quen non soporta as descrições demasiado prolaxas)

De todos os xeitos, para todos aqueles non-lectores que din que non lles gusta, se cadra estaría ben lembrar ese slogan que se fixo tan

Segundo o barómetro publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte sobre hábitos de lectura, despois da pandemia consolidouse o aumento da porcentaxe de lectores acadado durante o confinamento, porén segue existindo unha importante porcentaxe de persoas que adminten que non len nunca ou case nunca.

O dereito a non ler é o primeiro dos dez dereitos do lector segundo Daniel Pennac. A lectura é un acto totalmente libre e cada quen ten o dereito a decidir se le ou o que



Paixón segundo San Mateo (J.S.Bach)

En Semana Santa é o momento de dirixir a mirada cara á música relixiosa propia deste período, e unha das obras máis emblemáticas e máis representadas é a Paixón segundo San Mateo de Bach. Esta peza é un Oratorio, é dicir, unha obra relixiosa na que se reflicte o estilo da música dramática escénica. Neste tipo de obras cantábanse descrições da historia sacra coa finalidade de conseguir un maior ambiente relixioso en determinadas celebracións. O texto do evanxeo de San Mateo é cantado literalmente por un evanxelista, e as persoas da trama: Cristo, Xudas, Pedro, etc. polos demais solistas. Ao redor do texto bíblico agrúpanse coros, corais, recitativos e arias coa intención de interpretar o texto.

Pintura



O Temerario remolcado a dique seco

William Turner foi un dos pintores máis influentes do movemento romántico, ademais dun dos maiores precursores do impresionismo.

Fíxose famoso sobre todo polas súas representacións de paisaxes e polos seus cadros do mar, nos que temporais e naufraxios adoitan sacudir con potencia ao observador. Con todo, nesta obra, o mar perde a súa natureza máis violenta e deixa espazo a unha harmonía descorazonadora. Turner representa a “morte” do Temerario, un heroico buque de guerra da Mariña Real británica que, tras prestar un honorable servizo na batalla de Trafalgar, despezoouse para dar paso aos novos buques de vapor.

E faíno mediante un uso orixinal e hábil da luz e a cor.



famoso a finais dos 70 para publicitar un refresco de sabor amargo: “lo has probado poco” era o reclamo para todos aqueles que o rexeitaban. E se ca lectura sucede o mesmo? E se é cousa de probala máis? E se a cuestión é dar co que realmente engancha? Porque case, case con total certeza: **sempre haberá un libro que encaixe.**

Cidades mergulladas

Hai destinos únicos no mundo que non están en terra firme. Varias cidades tiveron unha vida intensa cunha cultura rica e con moita historia, pero deixaron de aparecer nos mapas xa sexa por algunha catástrofe climática, tsunamis, o aumento dos niveis da auga, erupcións volcánicas, ou mesmo obras de infraestrutura do home que as deixaron mergulladas baixo o mar. Entra en **Lecturamos** e descobre nove exemplos: Alexandría e Heracleion en Exipto, Dwarka na India, ShiCheng en China, Yonaguni en Xapón, Pavlopetri en Grecia, Port-Royal en Xamaica, Baía en Italia, e Atlit-Yam en Israel. Atoparás cidades de ouro, colosos pétreos baixo o mar, a cidade máis malvada da terra, e auténticos tesouros arquitectónicos e escultóricos.




Olimpiada Matemática

J.L. Mayobre coas alumnas de 2º ESO **Naiara Pita, Faia Varela e Antía Martínez** representando ao IES Mugardos na Olimpiada Matemática Galega celebrada o día 21 de abril.



15-abril Día mundial da arte



Desde o ano 2012 celébrase cada 15 de abril o Día Mundial da arte, xa que a arte é unha das formas máis evolucionadas da expresión humana. Estableceuse que fose o 15 de abril, debido a que este é o natalicio dun dos maiores artistas da humanidade, Leonardo Da Vinci, un home que foi pintor, escultor, deseñador, arquitecto, poeta, biólogo e un longo etcétera, por iso considéraselle o home do renacemento. E o incendio de **Notre- Dame** precisamente foi un 15 de abril de hai 3 anos. Desde entón non cesaron os traballos de reconstrución desta catedral que é símbolo máximo de París, Europa e a cristiandade.

22-abril Día da Terra

Efeméride oficial proclamada polas Nacións Unidas en 2009 co obxectivo de concienciar á humanidade sobre os problemas xerados pola superpoblación, a contaminación e outras preocupacións ambientais. Cada ano o mundo perde 10 millóns de hectáreas de bosques e estímase que ao redor dun millón de especies animais e vexetais atópanse actualmente en perigo de extinción. Os ecosistemas sustentan todas as formas de vida da Terra. Da saúde dos nosos ecosistemas depende directamente a saúde do noso planeta e os seus habitantes.